



**ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO URXENTE CELEBRADO O DIA  
DEZASEIS DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

**ASISTENTES**

ALCALDESA: DONA MARIA LOUREIRO GARCIA, INDEPENDENTE

**CONCELLEIROS:**

D.JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL, PSdG-PSOE  
DONA MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LOPEZ, INDEPENDENTE  
DON JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ , PSdG-PSOE  
DONA LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ- NORIEGA, PSdG-PSOE  
DON EMILIO VILLARMEA MENDEZ, PSdG-PSOE  
DONA MARIA SOLEDAD REY YÁNEZ , PSdG-PSOE  
DON CARLOS ALBERTO GUEIMUNDE CABALEIRO, PSdG-PSOE  
DON ANTONIO JOSE BOUZA RODIL, P.P  
DON CELESTINO VALENTIN GARCI PAZ P.P  
DONA MARIA JESÚS VALE LOPEZ, P.P.  
DON BELINDA BERMÚDEZ OTERO,P.P.  
DON BERNARDO JOSE FRAGA GALDO, NON ADSCRITO  
DON MANUEL GALDO DOPICO, NON ADSCRITO

**EXCUSA A SUA AUSENCIA**

DONA LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.SPDG-PSOE.  
D<sup>a</sup>. DONA SARAY BLANCO CANOURA,NON ADSCRITA.  
DON MARCOS BESADA ALVAREZ,SON-VIVEIRO.

**SECRETARIA ACCTAL:** DONA FATIMA MOAR RIVERA

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as catorce horas e trinta minutos do día catorce de xuño de dous mil dezaseis, reúnense , en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello, previa convocatoria ao efecto, e en primeria convocatoria, baixo a Presidencia da Sra.Alcaldesa, asistida de mín, a Secretaria accidental.

Sendo a hora sinalada para este acto, pola Sra. Alcaldesa declárase aberto o mesmo.

**1º.-RATIFICACION DA URXENCIA DA CONVOCATORIA**

*Pola Sra.Alcaldesa expone ós Sres Concelleiros que a urxencia desta convocatoria vén motivada para que se ratifique polo Pleno a Resolución da Alcaldía de data 26 de setembro de 2012,pola que se acorda a interposición da demanda contra INMOXERION,S.L.,no que se reclaman por parte do concello os danos causados no barrio do Celeiriño, en relación con procedemento Ordinario 414/2012, seguido no xulgado de 1ª instancia e Instrucción nº 1 de Viveiro, e perante a Audiencia Previa o Xuíz estima que a competencia era do Pleno da Corporación, e polo tanto concede un prazo de dez días para subsanar,sendo necesario que polo Pleno da Corporación*



**EXCMO.CONCELLO  
DE  
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: Concello@viveiro.es  
*se ratifique dita Resolución de Alcaldía para a lexitimación no procedemento Ordinario 414/2012.*

*E o Pleno da Corporación, por unanimidade, e de conformidade co disposto no artigo 79 do ROF, acorda ratifica-la urxencia da convocatoria..*

**2º.-RATIFICACIÓN DO DECRETO PARA A PRESENTACIÓN DA DEMANDA RESPECTO AOS DANOS OCASIONADOS POR OBRA NO CELEIRIÑO.**

Pola Sra.Alcaldesa dase conta da súa Proposta que, entre outros, di:

"Tendo en conta a Resolución da Alcaldía de data 26 de setembro de 2012, na que se acorda a interposición de demanda ante o Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción de Viveiro, seguíndose no Xulgado número 1, no seo do procedemento Ordinario 414/2012, de reclamar ós causantes dos danos producidos no barrio do Celeirió, en outubro do 2008, por mor das obras promovidas pola entidade INMO XERION SL. as cantidades correspondentes ós gastos sufragados polo Concello de Viveiro para o restablecemento da normalidade no barrio.

Tendo en conta que coa data oito de xuño se remite a o Departamento de Servizos Xurídicos do Concello un correo da Letrada do Bufete Lois que defende ao Concello neste procedemento, no que se comunica que con data sete de xuño celebrouse a Audiencia Previa do citado procedemento e pola entidade INMOXERION, alegouse a excepción de Falta de Lexitimación Activa, por canto a competencia, por razón do importe, era do Pleno da Corporación, e polo Xuíz concede un prazo de dez días para subsana-lo erro, sendo necesario que polo Pleno da Corporación se ratifique dita Resolución da Alcaldía.

**Aberta a quenda de intervencións**, seguidamente prodúcese a do Viceportavoz do Grupo Municipal do P.P.,D. Jaime Eduardo de Olano Vela, ven en manifestar que, temas xudiciais do ano 2008 que tarden en reclamarse ata o ano 2012 para pedir responsabilidades, e o noso Grupo non está conforme. Ademais na demanda non se reclama a totalidade dos perxuízos causados que foron moitos e nós non vamos avalar isto co noso apoio.

Intervén o Concelleiro do Grupo Non Adscrito, Don Bernardo Fraga Galdo, e ven en dicir que parten da base que van a votar a favor, pero gustaríalle que se lli explique en que ve o Sr. Olano que a demanda se queda curta. Seguíuse o proceso e a reparación do barrio do Celeiriño o proceso foi lento, pero foron solucinándose os problemas e deronse vivenda ós afectados. Sinto moito que o barrio vaise do Celeiriño vaise deshabitando e pechando casas e vai quedando practicamente vacío, desaparecendo un barrio do Casco de Celeiro. Pero dí tamén que o Concello ten que reclamar o que é seu, e o que puxo a Consellería, que o Concello tamén reclama.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que pola Consellería sí, preguntan pola demanda, pero quen na fixo foi o Concello, e eles queren a súa cantidade



**EXCMO.CONCELLO  
DE  
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: Concello@viveiro.es

de indemnización ou gasto. Ademais, tamén indica, refiríndose ao manifestado polo Sr. Olano, que o Ayuntamiento non tivo deixadez aínda que fora un tema do ano 2008 e se interpuxera a demanda no ano 2012. O motivo disto é que non tiña sentido demandar uns danos cando sabíamos que cada vez eran máis e está demostrado nos expedientes que se examinaron polos membros do seu grup, sabiamos que ían a seguir surxindo danos, polo que se esperou, pero non houbo deixadez.

Intervén D. Jaime de Olano Vela, en resposta á Alcaldía e ven en dicir que cando se presentou esta reclamación xa había outros que tamén gañaron e, neste intre, a Empresa está en Concurso de Acreedores oU, mellor dito, xa está finiquitada.

Seguidamente intervén D.Bernardo Fraga Galdo, e dí que o proceso foi lento e que o Concello chegou demasiado lonxe, asumindo competencias e demorouse no tempo, cando sabemos que a obra ten unha responsabilidade e ten que ter unha póliza de responsabilidade civil.

Non existindo máis intervencións e

Visto o informe do Departamento de Servizos Xurídicos no que se pón de manifesto a necesidade de dita ratificación

Visto o Dictame da Comisión Extraordinaria Urxente de Economía de data 14 de xuño de 2016.

Seguidamente sométese a votación a proposta da Alcaldía, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9) votos a favor, que resultan ser: dous (2 ) votos das Independentes, cinco (5) votos do PSdG-PSOE, e dous (2) votos dos Non Adscritos .

Votos en contra: Ningún.

Abstencións. Cinco (5) que resultan ser dos Concelleiros do P.P.  
O Pleno da Corporación ,por maioría, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Ratificar a Resolución da Alcaldía de data 26 de setembro de 2012, polo que se acorda a interposición da demanda en orde a reclamar ós causantes dos danos producidos no barrio do Celeirió as cantidades correspondentes ós gastos sufragados polo Concello para o restablecemento da normalidade no barrio.

SEGUNDO.-Dar traslado deste acordo ao Departamento de Servizos Xurídicos para a súa constancia no expediente e o seu traslado ao Xulgado nº1 de Viveiro, aos efectos da subsanación da Falta de Lexitimación activa alegada pola demandada innoxerión.



**EXCMO.CONCELLO  
DE  
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: Concello@viveiro.es

---

E non habendo máis asuntos de que tratar, pola Sra.Alcaldesa levántase a sesión, candoson a trece horas e coarenta e cinco minutos do día con que se encabeza esta Acta extendéndose de todo o tratado a presente, do que como secretaria accidental, sou fe.

Vtº e prace  
A ALCALDESA

A SECRETARIA ACCTAL